



As defuntas teñen dengue, mantelo, saia

As horas de María · Paco Souto · Espiral Maior, 2007 · 60 páx. · 14 euros

O nome de Paco Souto vai cabo da experiencia comunal que nos noventa foron os recitais nos bares, as carpetas de Edicións do Dragón que axudou a tirar e que nos descubriron os primeiros versos de Olga Novo, os libros pequenos de Letras de Cal. Aquilo que chamamos poesía dos noventa e que hoxe estamos á espera de ter como denominar –se for preciso así– cando lemos o seu último libro, merecente do Premio de poesía Johan Carballeira 2006. Porque *As horas de María* dá unha fermosa carpeta do Dragón, pero a voz é xa outra, porque o intimismo de Fado (1998) que establecía pontes coa poética hexemónica dos 80, xa con matices en *Crebar cristais coa lingua* (2003), fíxose aquí memoria e Europa campesiña que leva dentro dicíndoo. As avoas, aquelas que gastan mandil, sempre se chamaron María e tiveron por seus lingua e recordo. E polas súas horas decorren os oficios, a emigración, o racionamento, as herbas do san Xoán, o maquis.

A María as horas pásanlle no fío de nacer amortallada, traballar, ler, parir, ter mil anos e morrer. Mais neste fío que é cronolóxico tecen nós que nos desvían os poemas manuscritos que se intercalan, case a modo de ilustracións. Porque este é un libro que evidencia a súa condición de artefacto, que nos obriga a asistir ao proceso de escrita, con borranchos e frechas. E se nos leva a curiosidade temos que procurar a versión en letra Times para coñecermos os acordos últimos do autor, para vermos que, ao seren as horas de María memoria, esta refuga a orde do tempo.


E así por exemplo “Lavadora” e “As lavadeiras” compoñen unha dobre páxina de momentos

que se fan simultáneos e que explican a desconfianza de María cara a un electrodoméstico misterioso, queremos ler que sen nostalgia. Porque o receo cara á voz do teléfono, ou a rabia contra o polígono industrial (“esa fábrica de matar a froita”) na leira que fora súa, precisa como contrapunto que ela mesma discuta as novas do parte, así sexa con inxenuidade. Porque á fin Paco Souto é a mesma persoa que fixo un día os debuxos que acompañan a edición das *Tortillas para os obreiros* de Fran Alonso.

Sen haber unha estrema nidia entre un e outro plano, parece que é nos poemas virados cara a o andar do tempo histórico onde se pretende non desviar o camiño, e así está primeiro a guerra de África en “En toda parte é primavera...”, a seguir a República en “14 de abril de 1931”, o político de antes do Estatuto en “Castelao en Lira”, a guerra en “O parte 36” e a resistencia en “Fuxidos”, onde “Na artesa clandestina dos valados / as mulleres agochan balas e pan”. E a canda eles vai a serie “Requisa”, “Fielato” e “Extraperlo”, aviso da contundencia da usura.

E non damos lido estas horas sen que se nos xunten con Angueira e o liño de María n’O *Valo de Manselle*, coas mallas, coa auga quente de maio e co fiúncho de Olga Novo onde está “María dos mil anos / apañando as patacas / de entre o sangue”. Con María Mariño se “no seu van alegre florece primaveras”. Cunha certa incorporación da Chus Pato que vai dalgúns poemas de Fascínio a outros d’A *ponte das poldras*: “Á espera / Mulleres paxe de gregos / Mulleres balde de peixe / Mulleres cesto de ovos / Mulleres manteiga e leite”, nese poema que remata apuntando cara á plusvalía con “Todos os días perdemos cartos”.

// Ana Salgado



As avoas,
aquelas que
gastan mandil,
sempre
se chamaron
María e tiveron
por seus lingua
e recordo.
E polas súas
horas decorren
os oficios,
a emigración, o
racionamento,
as herbas de
San Xoán,
os maquis.